

### **BARES E CAFETERÍAS**

CANTÁBRICO	982 350460
CLUB	982 340181
ESPAÑA	982 340111
LUA	982 340302
O BODEGÓN	982 340336
RUADA	620 572424
TALLER O BODEGÓN	982340620

### **TABERNAS**

CASA GUILLERMO (Santo André de Logares)	982 184028
-----------------------------------------	------------

### **ALOXAMENTOS**

CAMPING A FONSAGRADA	982 340449
HOSTAL CANTÁBRICO	982 340036
PENSIÓN CASA MANOLO	982 340408

### **RESTAURANTES**

PULPERÍA O CANDAL	982 340061
RESTAURANTE A PARRILLA	982 340084
RESTAURANTE PRADOS	982 340195
RESTAURANTE CANTÁBRICO	982 340135
PEREIRÚA	982 340362
MESÓN CATROVENTOS (BARBEITOS)	982 340151

### **TURISMO RURAL**

CASA VENTORRILLO (O Ventorrillo)	678 551717
CASA DO CABO (Braña)	982 154784
CASOA DE BRAÑA Apartamentos turísticos(Braña)	661 355712
CASA ROXOA (A Tumbadoira)	982 180262
APARTAMENTOS VILARCHAO (Vilarchao)	982 154496
CASA DA FONTE (Freixo)	982 354054
CASA DA BASTIDA (La Bastida)	982 340456

### **TELÉFONOS DE INTERESE**

CONCELLO	982 340000
CENTRO DE SAÚDE	982 350005
PROTECCIÓN CIVIL	982 350022
GARDA CIVIL	982 340004



Concello de A Fonsagrada

Enclavada no extremo oriental da provincia de Lugo a tan só 40 minutos da capital atopámonos o Concello de maior extensión de Galicia con 442.8 km<sup>2</sup>. Concello eminentemente rural, no que o sector primario é a base da súa economía, fundamentalmente a gandería, para o que a comarca conta con abundantes pastos de montaña. A segunda actividade que sustenta esta base é a explotación madeireira, con un 78% de superficie forestal. O turismo presenta un futuro prometedor no concello, especialmente o rural, tanto no aspecto económico coma no social, cun número de hospedaxes que continúa aumentando ao mesmo tempo que se incrementa a oferta de actividades de tempo libre.

# A Fonsagrada

*reserva da biosfera*

## Deportes na natureza

A súa privilexiada situación convértea no marco idóneo para deportes e actividades ao aire libre, sendeirismo, escalada, bicicleta, trekking, o igual que a transparencia nas augas dos seus ríos e a existencia de especies de caza maior, permiten a práctica de deportes como a caza e a pesca.

## Restos arqueolóxicos



Numerosos castros, dólmens, mamoas, fragmentos de cerámica, brosas de bronce, etc, constitúen unha boa mostra da antigüidade de poboamento destas terras.

## Patrimonio arquitectónico

Hai que destacar especialmente a igrexa románica de Lamas de Moreira, sen deixar de mencionar as numerosas igrexas e capelas de gran beleza, ubicadas en entornos fascinantes, como son a da Fornaza, O Trobo, Santo André de Logares etc.


## Riqueza etnográfica

No Museo Etnográfico Comarcal, están recollidos aspectos da vida tradicional destas terras montañosas, nel podemos disfrutar dende salas etnográficas ata arquitectura contemporánea.



## Rutas de sendeirismo

Espazos naturais de gran valor ecolóxico como o Bosque de Carballido, a zona de Castañoso, ademais das ribeiras dos seus ríos e as innumerables seimeiras como a de Vilagocende, fan da Fonsagrada un entorno ideal para o turismo verde.



## Camiño primitivo

Entra en Fonsagrada polo alto do Acebo e continúa cara ao suroeste atravesando as ruínas do Real Hospital de Santiago de Montouto. Fundado por Don Pedro I de Castilla, coñecido como D. Pedro el Cruel.



## Gran gastronomía e turismo

Destaca o butelo, embutido típico desta zona que surge ante a necesidade de conservar a carne porcina. Xunto co coñecido butelo, existen tamén outras manifestacións de arte gastronómico como o exquisito pastel da Fonsagrada, composto por améndoa e crema.



## Feiras e festexos

Podemos dicir que son incontables xa que calquera acontecemento constitúe motivo de reunión e festexo, nas que cabe destacar o Corpus Christi, o Entroido, a Feira do Butelo, e as Feiras de Setembro que invitan ao visitante a disfrutar da alegría natural dos fonsagradinos.

